



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE ABRIL DE 2017.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, preguntábase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 20 de marzo de 2017.

Por Secretaría dáse conta do erro no punto D.9) o cal deberá figurar da seguinte forma:

D.9) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PLAN DE EMPREGO DE AIDA MENCÍA GARCÍA PARA ANA BELÉN LATAS AGRELO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e pola empresario, respectivamente, e según o informe do Departamento de Emprego a empresaria tivo contratada á traballadora por un período superior a tres anos cun contrato indefinido, polo que corresponde a DENEGACION DA SOLICITUDE por incumprimento da Base 2^a punto 6 do capítulo II das Bases Reguladoras do PEM.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) DENEGAR a adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

<i>Empresa</i>	<i>Traballadora</i>
<i>Aida Mencía García C/ Benito Galcerán, 22 P04 Bajo (27066 Viveiro)</i>	<i>Ana Belén Latas Agrelo C/ Tomás Mariño Pardo, 1 1º B (27870 Xove)</i>

2º) A notificación ós interesados, os efectos procedentes.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. SANTIAGO IGLESIAS PEREZ RELATIVO A NAVE DESTINADA A USO DE GANDERÍA INTENSIVA, (HELICICULTURA), E ALMACÉN EN CONDOMIÑAS-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Santiago Iglesias Pérez con D.N.I nº: 33.9999465Z con domicilio en Rúa Dr. Baamonde Illade, 15 P02 (27870 Xove), para realización de obras de nave destinada a uso de gandería intensiva, (helicicultura), e almacén en Condomiñas-Xove.

Ref. catastrais: 27025A025000120000JZ- 27025A025000190000JG- 27025A025000260000JT

Expediente:95/17.-

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que

- De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Santiago Sánchez Escourido colexiado nº 545, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO RUSTICO DE PROTECCION AGROPECUARIA, de acordo coa vixente normativa*



urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.

- *Na memoria do proxecto presentado, no seu anexo de ampliación da xustificación urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M, para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta.*
- *O artigo 35 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 1, regula os usos e actividades admisibles en solo rústico. Nos subapartados g e h considérase como uso admisible: construcións e instalacións agrícolas en xeral e asemade destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *O artigo 36 da Lei 2/2016 dice literalmente:*
 - *A.-Os usos e actividades relacionadas no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.*
 - *B.-En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que ésta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.*
- *A resultas do exposto dos apartados anteriores, na data 17 de febreiro do presente ano 2017 emitíuse o preceptivo informe favorable da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, na súa Xefatura territorial de Lugo con referencia MR:110230, e tivo entrada nas dependencias municipais o 24 de febreiro de 2017 con rexistro de entrada nº 478.*
- *A resultas do exposto nos apartados anteriores, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza, así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, e uso da actividade coa achega dos documentos técnicos correspondentes, certificado final de obra suscrito pola dirección facultativa das mesmas.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 32.417,85€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 648,36€.-



4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. PERFECTO LAMELAS EIJO, RELATIVO A EXECUCION DUNHA NAVE PARA USO AGROPECUARIO EN AS POCEIRAS S/N.-SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Perfecto Lamelas Eijo con D.N.I nº: 77.591.720-R con domicilio en C/ Ramón Farré, 4 3ºB (27880 Burela), para realización de obras de execución dunha nave para uso agropecuario en as Poceiras –Sumoas. Expediente: 1145/17

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que

Referencias Catastrais :

27025A025002860000JM

27025A025002840000JT

27025A025002830000JL

27025A025002850000JF

27025A025002820000JP

27025A025002780000JQ

27025A025002770000JG

- *De acordo coa documentación que se achega, asinado polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro dun área delimitada como Solo Rústico De Protección Agropecuaria, artigo 32.2.A da LOUG, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.1.4.3 correspondente a ficha das condicións urbanísticas, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para a edificación que se pretende levar a cabo.*
- *Ao abeiro do artigo 35.h da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia, trátase dunha edificación e instalación destinada ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou crien animais e instalacións apícolas, polo que se pode outorgar licenza directa municipal.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende executarase de acordo co previsto no artigo 39 da LEI 2/2016.*
- *Unha vez rematados os traballos correspondentes a nave, os accesos e o seu entorno deberán quedar en perfecto estado de servizo tanto no que a propia limpeza do vial se refire como do afirmado do devandito vial.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado Memoria urbanística; xustifícase o cumprimento da Normativa para a construción da edificación que se pretende levar a cabo, así como a solución dos servizos de infraestruturas básicas das instalacións no anexo presentado a memoria do proxecto.*



- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a corresponde ACTA DE REFORMULO.*
- *Unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de construción, e a súa adaptación á Lei 2/2016 no seu artigo 143.4, se deberá solicitar a correspondente LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACION, para a actividade agropecuaria que se pretende desenrolar nestas instalacións.*
- *De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 22.891,64€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 457,83€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. LUIS MARTINEZ ROUCO, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN BELTRAN S/N.-LAGO-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Luís Martínez Rouco con D.N.I. nº33.305.362M con domicilio en Beltrán, 4 (27878 Lago) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Beltran s/n.-Lago-Xove .-

Ref.Catastral: 27025A031000310001KM.- Expediente: 982/17

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Obra Prevista En Proxecto: Construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de BELTRAN.-XOVE.- Vivenda unifamiliar composta de sótano e planta baixa para unha vivenda.

Obra Executada: Vivenda unifamiliar composta de sótano e unha planta baixa para vivenda, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

INFORMA: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, de acordo co inspección efectuada e a documentación presentada, ampliouse adaptación ao proxecto presentado e mediante o cal se obtivo a pertinente licenza de obra. A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adaptación á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de Aplicación. -Solo de Núcleo Rural Zona Tradicional. -



A obra executada, adaptación a Normativa vigor P.X.O.M. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e acabada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

- Presupuesto proxecto de Execución- Liquidación final:153.914,57€
- Valoración Licenza Primeira Utilización 0,5% S/153.914,57€ 769,57€

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Beltrán que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 769,57€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE MARZO E ABRIL DE 2017.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de marzo e abril de 2017, por importe de 671,95€.-

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D.^a MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. María Josefa Couso García, con D.N.I. nº 10792753-A , con domicilio en Loureiro, Nº 2, (27879 Monte), por morte dunha vaca de 8 anos de idade, por importe de 300,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ MANUEL RUBIÑOS MARTÍNEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Manuel Rubiños Martínez, con D.N.I. nº 33839712 L , con domicilio en Poceiras, Nº 3, (27878 Sumoas), por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D.^a ISABEL FRA PEDRE.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Isabel Fra Pedre, con D.N.I. nº 76564066-X , con domicilio en C/ Acceso Cuartel, 7 (27870 Xove) por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.



D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA SÁNCHEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Miguel Ángel García Sánchez, con D.N.I. nº 34635992 Q, con domicilio en R/ Tomás Mariño Pardo, Nº 10 – 4º C (27870 Xove), por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. ELIAS FERNÁNDEZ PENAS.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Elias Fernández Pernas, con D.N.I. nº 33991992 Q, con domicilio en Gondar, Nº 6 (27879 Monte), por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e palma S.C., con CIF nº J27362821, con domicilio en Ferrol, 1, (27879 Rigueira), por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. ARACELI LOUZAO REGO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Araceli Louzao Rego, con D.N.I. nº 33999007-Q, con domicilio en Avda. Deputación, 35 . 4º (27870 Xove), por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. MARÍA DOLORES NOGUEROL LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. María Dolores Nogueroles López, con D.N.I. nº 76569514 F, con domicilio en Avda. Diputación, 16 – (27870 Xove), por morte dunha xata de dous meses, por importe de 200,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Yolanda López López, con D.N.I. nº 33994312 J, con domicilio en Acc. Apeadero, 18 - 3º D, (27870 Xove) por morte dun xato ao nacer, por importe de 120,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. MARÍA MONTSERRAT IGLESIAS SIERRA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. María Montserrat Iglesias Sierra, con D.N.I. nº 76410568 Z, con domicilio en Gondar, Nº 4 (27879 Monte), por morte dunha vaca de casi dous anos de idade, por importe de 400,00€.

D.11) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2016 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:



1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Gabriel Rodríguez Domínguez Avda. Diputación, 69 4º C (27870 Xove)	Enxeñería	Xaneiro a Decembro de 2016	1.800,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.12) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2016 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome da autónoma	Actividade	Períodos	Contía
Mª Pilar Bermejo Jimenez Avda. Diputación, 69 4º C (27870 Xove)	Masaxe terapéutico e relaxante	2016	2.100,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.13) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2016, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome da autónoma	Actividade	Períodos	Contía
Yanet Escobar Seoane C/Tomás Mariño Pardo, 1 4º C (27870 Xove)	Psicoloxía Sanitaria	2016	2,100,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.14) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2017 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome da autónoma	Actividade	Períodos	Contía
Mónica Mª Villar Couto Palmeiro, 57 4º B (27879 Rigueira)	Docente	Feb-dec- 2016	1.925,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.



D.15) SOLICITUDE DE DIEGO POSADA FREIJE DE INCLUSIÓN NO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D. Diego Posada Freije con domicilio en Urb. Palmeiro, 55 2º b (27879 Rigueira) de inclusión no Plan de Emprego Municipal como traballador.

Visto o informe do Departamento de Emprego no que *sinala que según o informe de residencia emitido polo Xefe do Servizo de Vixiancia, D. Diego Posada Freije non se atopa residindo no Termo Municipal de Xove, polo que non procede a inclusión no PEM ó incumprir as bases que establecen o requisito de residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data da solicitude.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Denegar a inclusión no PEM de D. Diego Posada Freije, en base ó informe do Departamento de Emprego.
- 2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.16) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL TECHNOXOVE DE SUBVENCIÓN PARA SUMMER TECH FESTIVAL.

Visto a solicitude de D. David Naya Legide, como Presidente da Asociación Cultural TechnoXove, con CIF: G27476688 e domicilio a efectos de notificación en Acceso Apeadero, 18 4º D (27870 Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 3.000,00 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 338.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 3.000,00€ para o *Summer Tech Festival 2017*.
- 2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 2.100€, correspondente ó 70% da subvención concedida. No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.
- 3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.
- 4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCS, cartas de pagamento



oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados. Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.



D.17) SOLICITUDE DA A.C.I.A.M. XOVE DE SUBVENCIÓN PARA SUBVENCIÓN DO EVENTO “AGORA XOVE”.

Visto a solicitude de D. Juan Carlos López González, como Presidente da ACIAM Xove, con CIF:G27139302 e domicilio a efectos de notificación en Avda. Diputación, 25 baixo – *Librería Lendas-* (27870 Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 10.000,00 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 431.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 10.000,00 € para o evento Agora Xove 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 7.000,00€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCS, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure



efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados. Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.18) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Josefa Meitín Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (1-10-2016 ó 31-3-2017), iniciada a partir del 2-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rendibilidade e



explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.19) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN EQUINA A MEDELA DE SUBVENCIÓN PARA FEIRA CABALAR EN LAGO 2017.

Visto a solicitude de D. Leandro Quelle Franco, como presidente da *Asociación Equina A Medela* con CIF: G27253418 e domicilio a efectos de notificación en Cabo, 8 (27878 Sumoas).-

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000,00€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000,00 € para a realización da *Feira Cabalar en Lago 2017*.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400,00€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para

Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.



Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados. Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fê.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo